

XXVIII CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte, entidade promotora do Belén Electrónico co patrocinio de Caixa Galicia, co gallo do Nadal 2003 convoca o XXVIII Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal.

- 1.–Poden concorrer tódolos poetas que o desejen, con textos en galego ou castelán.
- 2.–O tema dos traballos ha se-lo de O NADAL, desde calquera punto de vista.
- 3.–Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
- 4.–É libre a construcción dos poemas e a medida dos versos.
- 5.–Hanse concede-los seguintes premios:

PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 Euros e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 Euros e estatuíña de Sargadelos.

6.–A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro de dous mil catro.

7.–Tódolos traballos han ser presentados baixo plica, facendo constar nela os datos persoais do autor.

BEGONTE (Lugo), nadal de 2003

BASES